


UNIDADE DIDÁCTICA. O TAXI NO CINEMA: HHSS SOBRE RODAS

1. **Taxi para 3**. Chile (2001). Comprender a pobreza estratificada

- Dirección, guiión e produción: Orlando Lübbert
- Fotografía: Patricio Riquelme
- Música: Eduardo Zvetelman
- Xénero: Drama. Comedia. Roubos e atracos
- Duración: 90´
- Elenco: Alejandro Trejo, Elsa Poblete, Daniel Muñoz, Fernando Gómez-Rovira
- Premios: 49.º Festival de San Sebastián: Cuncha de Ouro ao Mellor Filme



SINOPSE:

«Volante ou maleta?» é o xeito de dirixirse á vítima dun atraco; isto é, ou te convertes en cómplice ou te matan! E neste marxinal Santiago das calellas, asaltos e almozos suburbanos, todas as persoas queren ser menos pobres, ter unha vida mellor ou simplemente saborear unha atolada liberdade fóra do cárcere. Daquela, o noso taxista, baixo presión e de moral difusa no financeiro e noutros eidos da vida, colaborará con dous delincuentes comúns.

Corría 1976 cando outro cineasta chileno, Miguel Littin, vía neste medio unha ferramenta de profunda **transformación social**. Daquela, debían situalo á vangarda dos acontecementos, con grandes filmes para os grandes problemas. E como?:

- ✓ Creando conciencia cidadá sobre a gravidade da situación.
- ✓ Sinalándolle ao pobo os grandes problemas reais, cunha narrativa audiovisual identitaria, que fose de todas as persoas e común a todas elas.
- ✓ Informándoas con datos certos para afrontar o presente (por exemplo, a inseguridade cidadá).
- ✓ Será decisivo proxectarse alén das propias fronteiras co fin de evitar inxerencias estranxeiras que desfiguren «o noso relato», polo que urxe concorrer a festivais estranxeiros para que o resto do mundo coñeza a imaxe real dun pobo, sen acomodar a súa linguaxe aos códigos europeos. Debemos fuxir do exotismo, do folclorismo e do pintoresquismo fabricados por outros estados sobre un Chile que non existe.
- ✓ En resumo, un cinema que trate a fondo as desigualdades sociais e da división entre explotadores e explotados, certa hemorraxia económica, alcoholismo, drogas...

O feito de que o autor (Orlando Lübbert) concentre nas súas mans a dirección, o guión e a produción non semella unha aposta pola división do traballo. Agora ben:

1. Parécevos unha obra coherente, pois asume a identidade dun cinema social coa idiosincrasia chilena e coa exposición das claras desigualdades sociais?
2. Advertides no filme a forza dun cinema de autor que retrata serios problemas da súa sociedade sen exotismos nin pintoresquismos?
3. Credes que os seus personaxes transpiran realismo e que, en boa medida, son vítimas da división entre explotadores e explotados, dunha economía ferida ou do alcohol como refuxio?

Risca a puntuación que lle outorgas.

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----